

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 4 DE AGOSTO DE 2011,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Decreto polo que se acepta a cesión en réxime de comodato dunha serie de documentos propiedade de Don Isaac Díaz Pardo.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se aproba o estatuto da Axencia Galega de Infraestruturas.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Decreto polo que se actualiza o Catálogo galego de especies ameazadas e se modifica o procedemento de catalogación, descatalogación ou cambio de categoría de especies.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia e a entidade pública empresarial Ferrocarriles de Vía Estrecha (FEVE), polo que se instrumenta a integración desta empresa na área de transporte metropolitano de Ferrol.
- Acordo polo que se aproba a encarga á Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos para a execución da obra: "Nova captación e depósito na E.T.A.P. de Caldas de Reis. Caldas de Reis (Pontevedra)", clave OH.236.1003, polo importe de seiscentos oitenta e dous mil cincocentos cincuenta e oito euros con sete céntimos (682.558,07 €).

- Acordo polo que se declara de interese da comunidade autónoma de Galicia a obra hidráulica “mellora da rede de saneamento de Cuntis. Cuntis (Pontevedra)”, clave: OH.336.1010, polo importe de un millón trescentos trinta e oito mil cincocentos catro euros con dezasete céntimos (1.338.504,17 €).
- Acordo polo que se autoriza a prórroga do contrato de xestión de servizo público en réxime xurídico concesional para a “explotación do sistema de saneamento do Louro e da estación depuradora de augas residuais de Guillarei, Tui, Mos, O Porriño e Salceda de Caselas (Pontevedra)” clave OH.336.918XSP, por un importe de tres millóns catrocentos oitenta mil douscentos euros con sesenta e catro céntimos (3.480.200,64 €).
- Acordo polo que se autoriza o expediente de gasto para a execución do contrato de xestión de servizo público en réxime xurídico concesional para a “explotación da estación depuradora de augas residuais da Pobra do Caramiñal 2011. A Pobra do Caramiñal (A Coruña)” clave: OH.315.1009XSP, por ter o contrato un valor estimado superior a catro millóns de euros (4.000.000,00 €).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e o concello de Cerceda para a execución do proxecto de Museo da Minaría de Cerceda, polo importe de catrocentos mil euros (400.000,00 €)
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e o concello de Cerceda para a execución do paseo fluvial no Acevedo, en Cerceda, polo importe de trescentos mil euros (300.000,00 €)
- Acordo polo que autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e o concello de Cerceda para a execución do proxecto de melloras na estación de tratamento de augas pluviais en Cerceda, polo importe de trescentos noventa e nove mil novecentos noventa e nove con noventa céntimos (399.999,90 €)
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e as cámaras oficiais de Comercio, Industria e Navegación Galegas, para o fomento das exportacións galegas – FOEXGA 2011, financiado polo FEDER no marco do programa operativo 2007-2013, polo importe de dous millóns sesenta e tres mil setecentos trece euros con setenta e seis céntimos (2.063.713,76 €).

- Acordo polo que se autoriza, se aproba o proxecto de execución e se aproba definitivamente o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal da "LAT 132 kV Gondomar-O Rosal" nos termos municipais de Gondomar, Tomiño, Oia e O Rosal (Pontevedra). Expediente: IN407A 2008/576-4.

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Fundación Cidade da Cultura de Galicia e asociación Amigos de la Ópera de A Coruña, para a realización do ciclo de Lírca 2011-"LIX Festival de Ópera da Coruña", polo importe de trescentos mil euros (300.000,00 €).

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Consello Galego de Relacións Laborais e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización da XXII edición do curso de posgrao de especialización en relacións laborais, baixo a denominación de Curso Superior de Relacións Laborais, polo importe de cincuenta e cinco mil cincuenta e oito euros con sesenta e seis céntimos (55.058,66 €).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a sinatura dun convenio de colaboración con Xenética Fontao S.A. para o desenvolvemento do Programa de mellora xenética frisoa de Galicia 2011-2014, por un importe total de 700.000,00 euros.

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e as asociacións de produtores pesqueiros e acuícolas para o desenvolvemento dunha campaña de promoción para o fomento do consumo de produtos pesqueiros frescos entre o alumnado de centros docentes públicos non universitarios da Comunidade Autónoma de Galicia, polo importe total de cento vinte e seis mil novecentos euros (126.900,00 euros).

INFORMES

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Informe sobre o Plan de Axuste derivado da non recepción do anticipo do Fondo de Cooperación.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o expediente-e.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O DECRETO POLO QUE SE ACEPTA A CESIÓN DO FONDO BIBLIOGRÁFICO E DOCUMENTAL DE ISAAC DÍAZ PARDO PARA O SEU USO NA BIBLIOTECA E O ARQUIVO DE GALICIA

- ***A Consellería de Cultura e Turismo será a beneficiaria da cesión, en réxime de comodato e cunha duración de sesenta anos, co fin de promover o estudo do fondo bibliográfico e documental, fomentar, difundir e estender o coñecemento xeral do patrimonio cultural galego e a formación de investigadores.***

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o decreto polo que se acepta a cesión en réxime de comodato do fondo bibliográfico e documental de Isaac Díaz Pardo co obxecto de que a Consellería de Cultura e Turismo os utilice na Biblioteca e no Arquivo de Galicia. O comodato e terá unha duración de 60 anos co fin de promover o estudo do fondo bibliográfico e documental, fomentar, difundir e estender o coñecemento xeral do patrimonio cultural galego e a formación de investigadores. A Consellería de Facenda, a través da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio, levará a cabo todos os trámites necesarios para a efectividade deste decreto.

O fondo bibliográfico e documental de Isaac Díaz Pardo é de interese para a Consellería de Cultura e Turismo, xa que contén numerosos e importantes fondos bibliográficos e novos e valiosos fondos documentais que constitúen unha achega cultural de incalculable valor para a sociedade galega en xeral e para a Biblioteca de Galicia en particular, á cal lle corresponde velar pola conservación e difusión do patrimonio bibliográfico de Galicia. A Consellería de Cultura e Turismo difundirá de maneira permanente e mediante as canles habituais a composición do fondo bibliográfico e documental, así como os requisitos e facilidades para acceder a el por parte de estudosos e investigadores.

Entre os bens que comprende o comodato destaca un fondo bibliográfico aproximado duns 16.000 exemplares, conformado a base de bibliotecas específicas de homes e institucións da cultura galega tan importantes como o propio Isaac Díaz Pardo, que reuniu unha biblioteca persoal duns 3.000 volumes; Manuel Díaz Rozas, inspector de ensino e membro moi activo do Seminario de Estudos Galegos, cunha colección próxima aos 3.000 volumes; Lorenzo Varela, intelectual comprometido, crítico de arte e creador literario que achega un epistolario dunhas 200 cartas e uns 100 libros; o Instituto Galego de Información, empresa xornalística creada en Santiago de Compostela en 1977 por exiliados galegos en América, en especial por Lorenzo Varela co patrocinio de Díaz Pardo e que achega material das exposicións, congresos, actas de reunións e un arquivo fotográfico de máis de 3.000 unidades; a Fábrica de Sargadelos, empresa ceramista de recoñecido prestixio creada por Díaz Pardo a comezos da década de 1960, cun arquivo fotográfico aproximado ás 3.000 unidades; o Seminario de Sargadelos e o Laboratorio de Formas, impulsados polo propio Isaac Díaz Pardo xunto con Luís Seoane, con cerca de 1.000 folios de documentación; o Seminario de Estudos Galegos, institución cultural creada polos intelectuais galeguistas na década de 1920 para estudar e divulgar o

patrimonio cultural galego, cunha biblioteca duns 2.000 volumes e unidades de documentación variada; Camilo Díaz Baliño, pai de Isaac, escenógrafo recoñecido, deseñador, ilustrador, cartelista, muralista, pintor e impresor destacado en Galicia ata o seu fusilamento en 1936. Cómpre destacar, asemade, a colección de Edicións do Castro que reúne 1.400 libros das máis diversas materias.

O comodato inclúe tamén importantes coleccións completas como a *Revista Ibérica por la libertad*, fundada por Victoria Kent en Nova York en 1953, ou 170 libros da prestixiosa editorial Ruedo Ibérico, creada en 1961 en París por cinco refuxiados políticos españois e que realizou o seu labor divulgador, proscriba en España ata a súa desaparición en 1982. Tamén destacan publicacións galegas máis modernas pero fundamentais na recuperación dos estudos sobre Galicia e o galego como as revistas *Grial* ou *Verba*.

Ademais, merecen tamén mención específica unha serie de coleccións ligadas a persoeiros destacados da cultura galega que abranguen unha variada tipoloxía de materiais singulares cun moi importante valor. Entre estes fondos destacan o de Camilo Díaz Baliño, composto por unhas 200 fotografías, epistolario dunhas 100 cartas, 50 debuxos e relatos orixinais, 10 álbums escenográficos da súa actividade en América e uns 50 documentos persoais; o de Isaac Díaz Pardo, formado por unhas 3.000 fotografías, epistolario dunhas 3.000 cartas e un moi numeroso número de artigos, colaboracións literarias e xornalísticas, relatos e debuxos orixinais, así como documentación persoal con cerca de 5.000 referencias; o de Rafael Dieste, conformado por un epistolario dunhas 400 cartas con Díaz Pardo, obxectos artísticos, documentos e biblioteca persoal; o de Luís Seoane e Maruxa Seoane provisto de 500 cartas con Díaz Pardo, 100 textos orixinais, 150 bosquexos, 2.000 referencias de colaboracións en prensa, unhas 1.000 fotografías e 500 libros; o do Consello da Galiza, composto por 15 carpetas con material sobre as actividades desenvolvidas por este organismo creado en Montevideo polos deputados republicanos galegos en 1944. Cómpre destacar outros fondos, como o de Eugenio Granell, con 100 fotografías e 5 debuxos, o de Tomás Barros, cun grupo de fotografías, epistolario con Díaz Pardo e referencias de colaboracións en xornais e revistas, o de Arturo Cuadrado, composto por fotografías, epistolario con Díaz Pardo, colaboracións en xornais e revistas e textos inéditos, o de Valentín Paz Andrade, cun epistolario de 600 cartas, escritos inéditos e libros sobre a súa persoa, e o fondo de Chamoso Lamas, que integra revistas, libros, folletos, fotografías e materiais varios relacionados coa súa actividade profesional arredor da conservación do patrimonio cultural. Tamén son destacables algúns títulos de obras singulares como a revista *España Libre*, órgano das sociedades hispanas dos EEUU e que actuou de foro de debate ideolóxico entre os distintos grupos políticos do exilio.

Outras obras da biblioteca de Díaz Pardo destacan pola súa rareza ou tiraxe limitada, pola súa especial autoría editorial, pola importancia da información ofrecida ou polo momento histórico en que foron realizadas e publicadas.

Un persoeiro clave na historia de Galicia

Isaac Díaz Pardo nace en Santiago de Compostela en 1920, fillo do pintor e escenógrafo Camilo Díaz. O artista participou desde mozo en manifestacións culturais e políticas, entre elas a campaña a favor do Estatuto de autonomía de Galicia. En 1939 matricúlase na Escola Superior de Belas Artes de San Fernando en Madrid, na cal se licenciara en Debuxo e Pintura aprobando os catro cursos en dous anos. Neste ano realiza a súa primeira exposición na Asociación de Artistas da Coruña. En 1941 é seleccionado para participar na primeira experiencia de deseño industrial de España na Escola de Palma. En 1942 participa nun congreso de arte en Italia e ao seu regreso exerce como profesor auxiliar na Escola de Belas Artes de San Jordi de Barcelona. Nos anos 40 expón na Coruña, Vigo, Madrid, Barcelona e Londres. En 1963 crea con Luís Seoane o Laboratorio de Formas de Galicia e Edicións do Castro e ao ano seguinte crea a Sociedade Sargadelos Lda. Entre 1972 e 1978 inaugúranse as Galerías Sargadelos de Barcelona, Madrid e Santiago. En 1977 constitúese o Instituto Galego de Información e en 1979 o Novo Seminario de Estudos Galegos.

Entre outras moitas, Isaac Díaz Pardo recibiu as distincións do Pedrón de Ouro (1976), Medalla de Ouro e Fillo Predilecto de Santiago (1988), Premio Otero Pedrayo (1990), Doutor Honoris Causa da Universidade de Santiago (1992), Premio Celanova, Casa dos Poetas (1997), Premio Fernández Latorre (1999), Arquitecto de Honra (2001), Premio Ramón Piñeiro (2002), Premio das Artes e das Letras da Xunta de Galicia (2003), Doutor Honoris Causa da Universidade da Coruña (2007), Medalla de Ouro ao mérito no Tráballo (2007) e Medalla de Ouro ao Mérito de Belas Artes que concede o Ministerio de Cultura (2009).

A XUNTA DE GALICIA APROBA OS ESTATUTOS DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS, QUE SUPORÁ UN AFORRO DE 1,4 MILLÓNS DE EUROS POR LEXISLATURA

- ***A Axencia concentrará a Dirección Xeral de Infraestruturas, os Servizos de Infraestruturas dos departamentos territoriais e a tutela funcional da Sociedade Pública de Investimentos de Galicia***
- ***O ente, que nacerá como unha axencia pública autonómica, estará organizado en catro áreas***

O Consello da Xunta na súa reunión de hoxe aprobou os estatutos da Axencia Galega de Infraestruturas, que concentrará nun único centro directivo todas as obras de infraestruturas viarias. A creación deste ente fundaméntase en tres principios básicos que son o da unidade de xestión e de actuación; os de funcionalidade, eficacia e eficiencia; e o de austeridade.

Coa Axencia Galega de Infraestruturas, que se constituirá como una axencia pública autonómica, propónse rematar coa actual situación organizativa composta pola Dirección Xeral de Infraestruturas e os servizos de Infraestruturas dos departamentos territoriais, dependentes da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e por dúas sociedades públicas que dependían da Consellería de Facenda: a Sociedade Pública de Investimentos de Galicia S.A (SPI), e a Sociedade Pública Autoestrada Alto de San Domingos-Ourense, S.A (Aceousa).

Esta estrutura, que se considera insuficientemente fundamentada, pasará a estar formada pola Axencia Galega de Infraestruturas que asumirá a tutela funcional da Sociedade Pública de Investimentos de Galicia S.A. Ademais, a Sociedade Pública Autoestrada Alto de San Domingos-Ourense, S.A. xa suprimida por absorción por parte da SPI.

A Xunta de Galicia promove a creación da Axencia Galega de Infraestruturas como unha medida máis para acadar un novo modelo de xestión en materia de infraestruturas máis flexible, máis eficaz e máis austero. Así, a Axencia suporá unha reestruturación orgánica da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas que permitirá un aforro de 1,4 millóns de euros por lexislatura, en consonancia co principio de austeridade que rexe as actuacións do Goberno galego.

Obxectivos

Coa Axencia Galega de Infraestruturas a Xunta espera obter unha maior eficacia e eficiencia na administración e xestión en materia de infraestruturas en Galicia, segundo os obxectivos que se definan no contrato de xestión e o plan de acción plurianual que aprrobe o Consello Reitor.

Así, o Plan Inicial da Axencia contará con obxectivos estratéxicos e plans de actuación, obxectivos específicos, que son os programas e os proxectos en que se concretan os plans, e os indicadores para medir o grao de cumprimento dos obxectivos estratéxicos e os resultados da xestión e os valores que deberían alcanzar. Destaca o plan de calidade, avaliación e seguimento da xestión da axencia, cun sistema de traballo rexido polo principio de calidade e mellora continua.

Optimizar recursos

As infraestruturas, especialmente as viarias, son un elemento fundamental para o desenvolvemento económico e social dun país, xa que constitúen instrumentos que vertebran o seu territorio. Deste xeito, é fundamental que a organización con competencias na materia sexa clara e dispoña de mecanismos que permitan a súa realización no menor prazo posible e optimizando recursos, así como que a Administración autonómica sexa capaz de dar resposta á exigencia de completar e modernizar a rede viaria da nosa comunidade. Coa Axencia Galega de Infraestruturas acadarase este dobre obxectivo, así como a eliminación da tricotomía que existía coa Dirección Xeral de Infraestruturas (dependente da CMATI), SPI e Aceousa (ambos os dous dependentes da Consellería de Facenda).

Esta axencia pública autonómica acadará un modelo de xestión que persegue o cumprimento de obxectivos claros medibles e orientados á mellora na prestación de servizos, tendo como resultado un mellor aproveitamento dos recursos públicos e, por tanto, un maior grao de satisfacción dos cidadáns. Estes obxectivos virán definidos no contrato de xestión e no plan de acción plurianual que aprobe o Consello Reitor da Axencia. Ademais, a integración das administracións públicas supón unha actuación máis eficiente e eficaz.

MEDIO RURAL ACTUALIZA O CATÁLOGO GALEGO DE ESPECIES AMEAZADAS

- **Mediante un proxecto de Decreto que inclúe 7 novas especies na categoría “vulnerables”, con presenza en Galicia e que anteriormente non estaban catalogadas**
- **A norma tamén axiliza o procedemento administrativo para cambiar de categoría, incluír ou retirar especies do Catálogo**

O Consello da Xunta aprobou o proxecto de decreto polo que se modifica o Decreto 88/2007, do 19 de abril, polo que se regula e actualiza o Catálogo galego de especies ameazadas (CGEA). O obxectivo da norma é dobre, por unha banda, actualizar a lista de especies incluídas no CGEA e, asemade, modificar o procedemento para a inclusión, cambio de categoría ou inclusión dunha especie, que se levará a cabo mediante orde da consellería competente en materia de conservación da natureza.

Con respecto á actualización de especies do Catálogo galego, incorpóranse seis novas especies na categoría “vulnerables”, con presenza en Galicia e que anteriormente non estaban catalogadas. Recentemente foron incorporadas ao Catálogo español de especies ameazadas. Trátase da bucina mariña (*Charonia lampas* L.); a libélula (*Oxygastra curtisii*); no tocante ás aves, a aguiá pescadora (*Pandion haliaetus* L.) e o curroxo real (*Phoenicurus phoenicurus* L.); mentres que na sección de mamíferos estarían os morcegos *Nyctalus noctula* e o *Nyctalus lasiopterus*. Así mesmo, englóbase no CGEA outra especie na categoría “vulnerable”, trátase do carballo anano (*Quercus lusitanica*).

Xestión máis áxil mediante orde

Mediante a outra liña dese dobre obxectivo da norma, referida á actualización, o proxecto de decreto reduce os trámites necesarios para o cambio de categoría, así como para a incorporación ou inclusión de novas especies no CGEA, axilizando o procedemento administrativo de xestión.

O Catálogo galego de especies ameazadas estableceuse como instrumento para a protección da biodiversidade que debe ser dinámico, dando resposta á actualización da información dispoñible sobre o estado de conservación das especies. Neste sentido, a inclusión ou exclusión dunha especie mediante decreto non se amosou como un procedemento suficientemente áxil para actualizar a catalogación das especies, sendo a aprobación mediante orde da consellería competente en materia de conservación da natureza un procedemento con suficientes garantías legais e máis áxil na súa tramitación.

Con este proxecto de decreto afóndase nun dos aspectos prioritarios a que se debe prestar unha atención preferente, como é a conservación daquelas formas de vida e os seus hábitats que na actualidade corren un maior risco de desaparecer, aspecto que foi recollido na Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza, así como na Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade.

MEDIO AMBIENTE COMPLETA O PLAN DE TRANSPORTE METROPOLITANO DE FERROL COA INTEGRACIÓN DO FERROCARRIL DE PROXIMIDADE

- ***Os tramos subvencionados pola Xunta serán os que vaían desde Ferrol ata as 8 estacións situadas no concello de Narón: Virxe do Mar, Santa Icíá, Piñeiros, O Ponto, Xuvia, Ferrerías, Sedes e Pedroso; e no percorrido inverso***
- ***O prezo de cada billete sinxelo será de 0,72 céntimos, polo que o usuario se vai ter un aforro de máis do 50 por cento en cada viaxe***
- ***O Plan de Ferrol, que inclúe os concellos de Ferrol, Ares, Cabanas, Cedeira, Fene, Mugar dos, Narón, Neda, Pontedeume e Valdoviño, foi asinado o 27 de decembro do 2010 e púxose en marcha en marzo deste ano 2011***
- ***O convenio terá unha vixencia de 5 anos e beneficiará máis de 112.200 veciños dos concellos de Ferrol e Narón***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e a entidade pública empresarial de Ferrocarriles de Vía Estrecha (FEVE) co obxectivo de integrar o ferrocarril no Plan de Transporte Metropolitano de Ferrol (PTM).

Medio Ambiente terá por obxectivo subvencionar os treitos de trens comprendidos entre Ferrol e Narón, con paradas en oito estacións, de modo que os usuarios poderán combinar tanto o transporte en autobús urbano como o transporte ferroviario beneficiándose dos descontos do PTM de Ferrol.

Os percorridos que serán subvencionados polo PTM de Ferrol serán os das liñas Ferrol-Xuvia, Ferrol- San Sadurniño, Ferrol- Cerdido e Ferrol- Ortigueira que teñen parada nas 8 estacións de Narón: Virxe do Mar, Santa Icíá, Piñeiros, O Ponto, Xuvia, Ferrerías, Sedes e Pedroso (que é a derradeira parada subvencionada); e no percorrido inverso. Estas serán as frecuencias dos percorridos para cada traxecto:

Este novo convenio permitirá reducir o prezo do billete nun 50%, xa que o usuario pagará 0,72 céntimos por cada viaxe sinxela, en lugar de 1,35 céntimos que pagaba anteriormente.

Ademais, aqueles usuarios que usen este transporte de maneira frecuente pasarán de pagar un abono mensual de preto de 48 euros a pagar uns 30 euros por un abono de uso frecuente. Outra das vantaxes será o transbordo gratuíto ao transporte urbano, se se realiza na marxe dunha hora despois de baixar do tren.


O convenio, que terá unha vixencia de 5 anos, permitirá combinar as dúas modalidades de transporte e mellorará a mobilidade entre os máis de 112.000 veciños dos concellos de Ferrol e Narón.

A nova tarxeta metropolitana de Ferrol comezou a implantarse o pasado mes de marzo nos servizos de autobuses. Unha vez asinado o convenio, está previsto que a tarxeta poida ser utilizada despois do verán. Nestes momentos, FEVE está a ultimar os axustes técnicos.

Balance de usuarios

O pasado 21 de xullo foi convocada a primeira reunión de seguimento do PTM de Ferrol, que concluíu que o número de usuarios de transporte metropolitano en Ferrol se incrementou nun 16% desde que se puxo en marcha a nova tarxeta metropolitana, no mes de marzo. A Consellería de Medio Ambiente salienta que os viaxeiros do TPM pasaron de 92.761 en xaneiro a 129.341 en marzo e a 166.701 en maio, cun descenso estacional no mes de xuño aos 146.211.

En calquera caso, a implantación das novas medidas incorporadas ao transporte metropolitano, con importantes descontos nas viaxes, transbordos gratuítos e tarxeta única, confirman unha tendencia á alza no uso do transporte público.




Novo sistema tarifario

O novo sistema tarifario dividiu o territorio en 6 zonas. Cada zona está constituída por un ou varios concellos, de tal forma que os veciños dun mesmo concello teñen as mesmas tarifas para os seus desprazamentos.

O nivel de prezos fíxase segundo os saltos que se fagan dunha zona para outra, entendendo por salto o movemento entre distintas zonas. Se o viaxeiro opta por facer viaxes na mesma zona de transporte ou decide facer un só "salto" deberá pagar 0,72 céntimos (a inmensa maioría das viaxes previstas na área) e se decide facer unha viaxe de dous saltos o custo da súa viaxe será de 1,10, cando agora pode ascender a uns 1,90 euros de media.

Por exemplo, un veciño de Narón que vaia ata o Complexo Hospitalario Arquitecto Macide pasará de gastar 2,60 euros a 0,72 euros; e unha moza de Mugardos que vaia ao Campus Universitario Esteiro de Ferrol reducirá o seu gasto de 1,90 euros por viaxe a 1,10 euros. Por tanto, estamos falando dunha unha diminución media de máis dun 60% no prezo das viaxes, un aforro que roldará os 600 euros anuais por persoa.



Ao aforro económico hai que sumar as vantaxes ambientais (coa redución de CO2 á atmosfera), enerxéticas e de tempo, ademais da comodidade que supón dispor dunha tarxeta única sen contactos para todos os operadores, transbordos bonificados e unha mellor información das rutas. Grazas a este plan de mobilidade retiraranse da circulación máis de 1.500 vehículos ao día.

A *tarxeta metropolitana de Galicia* xa se pode adquirir nas oficinas de Nova Caixa Galicia polo prezo de 2 euros. Esta tarxeta poderase utilizar, indistintamente, en calquera das áreas de transporte metropolitano que xa están operativas e nas cales nos próximos meses se irán pondo en marcha. Igualmente, pódese acceder a información sobre este programa na web: <http://www.transportemetropolitano.xunta.es>

A XUNTA AVANZA NOS COMPROMISOS DO PLAN UMIA COA LICITACIÓN DA AMPLIACIÓN DA ETAP DE CALDAS DE REIS E A DECLARACIÓN DE INTERESE XERAL DO SANEAMENTO DE CUNTIS

- *Estas dúas actuacións suman un importe de máis de dous millóns de euros*
- *No caso de Caldas a obra consistirá na execución dunha nova captación e un depósito na ETAP, que suporá un investimento de case 700.000 euros e terá un prazo de execución de 6 meses*
- *A licitación foi autorizada no Consello da Xunta de hoxe e publicarase no Diario Oficial de Galicia a vindeira semana*
- *En canto á mellora da rede de saneamento de Cuntis, na cal a Xunta investirá máis de 1,3 millóns de euros, o obxectivo é reducir a cantidade de nutrientes que chegan ao encoro da Baxe e mitigar os problemas de eutrofización que presenta na actualizade nos meses de verán*
- *O Plan Umia é un proxecto do actual Goberno que implica un investimento de preto de 22 millóns de euros e foi redactado por Augas de Galicia co fin de dar solucións ás deficiencias detectadas no encoro de Caldas*

A Xunta de Galicia da un paso máis nos seus compromisos recollidos no Plan Umia coa licitación dunha nova captación e un depósito na estación de tratamento de auga potable de Caldas de Reis, e coa declaración de interese xeral do saneamento en Cuntis. Estas dúas actuacións, que están recollidas no Plan Umia, elaborado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, suman un importe de máis de dous millóns de euros.

O Consello da Xunta de Galicia aprobou na súa reunión de hoxe o acordo polo que permite a licitación e execución da nova captación e depósito na estación de tratamento de auga potable (ETAP) de Caldas de Reis. Cómpre recordar que, no mes de xuño, o Executivo autonómico declarou de interese da Comunidade Autónoma de Galicia a dita obra hidráulica. O Goberno galego investirá case 700.000 euros en dúas anualidades e terá un prazo de execución de 6 meses.

Este proxecto xa foi sometido a información pública durante un prazo dun mes. Así mesmo, o concello da localidade pontevedresa de Caldas de Reis emitiu informe sobre conformidade do proxecto co planeamento urbanístico e se comprometeu a pór á disposición os terreos necesarios para a execución das obras, así como a súa explotación e mantemento, unha vez recepciónadas e entregadas ao dito Concello.

Esta actuación suporá a execución dunha nova captación na marxe dereita do río, que constará de dous pozos filtrantes, rodeados de grava envolta en xeotéxtil; o bombeo e impulsión desde a captación á ETAP, mediante unha conducción de medio quilómetro de lonxitude con tubo polietileno; e a realización dun depósito de 2200 metros cúbicos de planta rectangular que se conectará ao existente, ademais da mellora dos accesos á ETAP.

Na actualidade, o núcleo de Caldas dispón dunha ETAP con capacidade de tratamento de aproximadamente 26,4 litros/segundo. A dita infraestrutura conta cunha liña de tratamento formada por unha unidade de potabilización automática e dous filtros de carbón activo. Xunto a esta atópase un depósito de planta rectangular de 1.500 m³ de capacidade, dividido en dous vasos.

A auga recíbese dun manancial que asegura a case totalidade da demanda durante o inverno e para completar esta achega dispón dunha captación no río Umia, augas abaixo do encoro da Baxe, no lugar de Segade. A auga captada nesta zona presenta problemas na súa calidade, motivados pola proliferación estival de cianobacterias no encoro. Durante estes episodios, os filtros da ETAP entúpanse con frecuencia, sendo preciso realizar varios lavados diarios, durante os cales se utiliza auga xa tratada e se deixa de fornecer auga ao depósito, de modo que o seu nivel diminúe rapidamente e se producen problemas de subministración.

Esta situación pode xerar situacións de desabastecemento, como aconteceu en setembro de 2010, cando foi preciso completar o abastecemento mediante subministración de auga aos depósitos de Caldas con camións cisterna.

Por outra banda, no encoro de Caldas prodúcense episodios de proliferación de cianobacterias. Cabe sinalar que o encoro non é un punto de captación nin está autorizado para o uso recreativo, polo que a proliferación de cianobacterias nel non debe representar un risco directo para a poboación.

Rede de saneamento de Cuntis

No Consello tamén se aprobou a proposta de declaración de interese da Comunidade Autónoma de Galicia da obra hidráulica de mellora da rede de saneamento da localidade pontevedresa de Cuntis. Nesta actuación, o Goberno galego investirá máis de 1,3 millóns de euros e tamén se enmarca dentro do Plan Integral de actuación no encoro do río Umia.

A declaración de interese xeral da Comunidade Autónoma é unha figura recollida na nova Lei de augas e permitirá axilizar os prazos de execución destas actuacións de mellora. Tras este Consello, procederase a solicitar ao Concello de Cuntis a documentación municipal necesaria para iniciar os trámites necesarios para a licitación da obra e tamén se someterá o proxecto ao trámite de información pública no *Diario Oficial de Galicia (DOG)*.

A rede de Cuntis é un sistema complexo, cun funcionamento deficiente debido principalmente a dous factores, como a infiltración de auga de cursos fluviais e nivel freático (tempo seco e choivas) e, en tempo de choivas, incorpora un importante caudal de pluviais, xa que o funcionamento global da rede é unitario, a pesar de dispoñer de dobre tubo en moitos tramos.

O obxectivo principal do proxecto é analizar a situación actual do sistema de saneamento de Cuntis e realizar un conxunto de actuacións sobre a rede de colectores que permitan corrixir os problemas detectados e poñer en funcionamento a EDAR. A finalidade última da actuación é reducir a cantidade de nutrientes que chegan ao encoro da Baxe e mitigar así os problemas de eutrofización que presenta na actualidade nos meses de verán.

Esta actuación de mellora dos sistemas de saneamento dos núcleos que leva a cabo o Plan Umia, concretamente, o sistema de saneamento de Cuntis, é importante pola poboación da zona e o incremento que sofre en épocas estivais. É por isto polo que a mellora da rede de saneamento de Cuntis é unha das medidas que máis urxe aplicar. Con esta declaración a Administración hidráulica de Galicia espera poder licitar a obra nuns meses.

Plan Umia

Estas dúas actuacións forman parte do Plan de Xestión Integral para a bacía do río Umia, que supón un investimento estimado de 22 millóns de euros, para levar a cabo desde este ano ata o vindeiro 2015. O Plan Umia presentouse na primavera deste ano froito do firme compromiso da Administración galega coa consecución dunha solución ao problema da eutrofización do encoro da Baxe.

Para elaborar este documento, levouse a cabo un estudo en profundidade da bacía do río Umia vertente ao mencionado encoro da Baxe, situado entre oito concellos: Cuntis, A Estrada, Forcarei, Moraña, Campo Lameiro, Caldas de Reis, Cerdedo e Silleda, aínda que estes tres últimos nunha extensión moi reducida. En total, estímase unha poboación beneficiada de máis de 9.000 habitantes no contorno da bacía.

Despois de só uns meses dende a presentación deste plan non se perdeu tempo na súa aplicación. Deste modo, Augas de Galicia xa puxo en marcha as actuacións máis urxentes que buscan atenuar, na medida do posible a proliferación anual das cianobacterias no encoro. Fundamentalmente, son os traballos de mantemento e conservación das marxes do encoro na zona do dominio público hidráulico (295.384,36 €) e a aplicación do tratamento experimental con casca de eucalipto (344.333,68€ nos próximos dous anos).

MEDIO AMBIENTE INVESTIRÁ 3,5 MILLÓNS DE EUROS NA XESTIÓN DA DEPURADORA DE GUILLAREI

- ***A depuradora tratou durante o pasado ano máis de 10 millóns de metros cúbicos de auga e xestionou 1.800 toneladas de lodos***
- ***O actual goberno xa leva investidos 3,3 millóns de euros na explotación da EDAR de Guillarei, aos que hai que sumar 12 millóns de euros na rede de saneamento de Louro***
- ***A infraestrutura hidráulica beneficia unha poboación de preto de 55.000 veciños de Tui, Mos, Salceda de Caselas e O Porriño***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o acordo polo que a consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas investirá 3,5 millóns de euros na prórroga, do contrato de xestión da depuradora de Guillarei e do sistema de saneamento do río Louro.

A prórroga vén motivada polo remate do convenio inicial, que foi asinado no ano 2009 e tiña unha vixencia de 24 meses, polo que rematará en decembro do 2011. Desta forma, amplíase a súa vixencia outros dous anos máis. O compromiso da Xunta de Galicia é facerse cargo do custo da explotación do sistema ata a creación dun consorcio supramunicipal, no cal os concellos que se benefician deste sistema de saneamento (Tui, Mos, O Porriño e Salceda de Caselas) se agrupen para xestionar a depuradora. Medio Ambiente leva investidos máis de 3,3 millóns de euros na súa explotación dende o ano 2010.

A Estación Depuradora de Augas Residuais (EDAR) de Guillarei ten capacidade para abastecer preto de 132.300 habitantes e pode depurar 2.326 m³/hora. O proceso de tratamento é biolóxico mediante lodos activados. A rede de colectores ten 82 quilómetros de lonxitude que se complementan con 18 aliviadoiros e dous bombeos de elevación. A EDAR, durante o pasado ano 2010, depurou máis de 10 millóns de metros cúbicos e xestionou máis de 500 toneladas de residuos graúdos e graxas, ademais de 1.800 toneladas de lodos.





No que respecta á rede de saneamento do río Louro, o actual goberno leva investidos preto de 12 millóns de euros nun total de 20 actuacións. Anteriormente, executáronse 6 actuacións deste tipo nos concellos de Mos, O Porriño, Salceda de Caselas e Tui, que sumaron un total de 1,5 millóns de euros.

Actuación	Concello	Orzamento	Estado
Saneamento en Pombal	Mos	133.856,77 €	Obra executada (2011)
Red de saneamento da parroquia de Atios	O Porriño	359.556,42 €	Obra executada (2008-2009)
Conexión dos colectores secundarios ao colector xeral do Louro. Zona urbana	O Porriño	196.838,00 €	Obra executada (2009)
Conexión dos colectores secundarios ao colector xeral do Louro. Zona rural	O Porriño	214.405,85 €	Obra executada (2009)
Conexión dos colectores secundarios ao colector xeral do Louro e actuacións complementarias	Salceda de Caselas	199.815,00 €	Obra executada (2009)
Finalización das obras de saneamento da fase I. Zona norte	Salceda de Caselas	198.634,98 €	Obra executada (2009)
Finalización das obras de saneamento da fase I. Zona sur	Salceda de Caselas	203.462,36 €	Obra executada (2009)
Saneamento no monte Aloia	Tui	514.400,78 €	Obra executada (2008-2009)
Conexións da rede de saneamento xeral	Tui	200.986,18 €	A piques de rematar
Actuacións para a posta en marcha da E.D.A.R. de Guillarei	Tui	228.452,00	Obra executada (2009)
Colector xeral do río Furnia	Tui	1.257.516,25 €	Obra en execución
Colector xeral de San Simón	Tui	737.663,45 €	Obra en execución
Conexión dos colectores secundarios ao colector xeral do Louro. Zona urbana. O Porriño (Pontevedra)	O Porriño	214.334,09 €	Obra executada (2010)
Conexión de colectores secundarios ao colector xeral do Louro. Zona rural. O Porriño (Pontevedra)	O Porriño	232.339,55 €	Obra executada (2010)
Conexión dos colectores secundarios ao colector xeral do Louro e actuacións complementarias. Salceda de Caselas (Pontevedra)	Salceda de Caselas	217.578,83 €	Obra executada (2010)
Colectores secundarios para a conexión co sistema xeral do Louro. Mos	Mos	1.546.966,11 €	Obra en execución
Colectores secundarios no Porriño para conexión con sistema xeral do Louro. O Porriño (Pontevedra)	O Porriño	1.910.095,26 €	Recentemente adjudicada

Obra de saneamento en Santo Estevo de Budiño	O Porriño	1.037.724,03 €	Supervisando proxecto
Saneamento nas bacías transfronteirizas. Rede de saneamento da parroquia de Atios. Concello do Porriño	O Porriño	316.398,75	Obra executada (2009)
Saneamento nas parroquias de Soutelo e Entenza	Salceda de Caselas	1.888.430,83	Tramitación para 2012
TOTAL		11.809.455€	

Dentro deste contrato de xestión, compréndese a obriga de manter o funcionamento da estación conseguindo uns índices de rendemento normais. No que respecta á xestión dos residuos recollidos, a empresa deberá retirar nas debidas condicións hixiénicas as graxas e residuos do pozo de entrada, ademais de desecar os lodos producidos. Outro dos aspectos a ter en conta serán os labores de conservación e mantemento precisos para que as instalacións estean en correctas condicións, segundo o Plan de Mantemento e Conservación de todos os equipamentos da EDAR. Finalmente, a empresa deberá dispor dun axeitado sistema de vixilancia que garanta a seguridade do persoal así como das instalacións.

A infraestrutura hidráulica beneficia actualmente unha poboación actual de preto de 55.000 veciños de Tui, Mos, Salceda de Caselas e O Porriño.

MEDIO AMBIENTE LICITARÁ A XESTIÓN DA DEPURADORA DE POBRA DO CARAMIÑAL ATA O 2013 POR UN IMPORTE DE 1,8 MILLÓNS DE EUROS

- ***A depuradora tratou máis de 2 millóns de metros cúbicos de augas residuais e 3.500 toneladas de lodos durante o ano 2010***
- ***A infraestrutura hidráulica beneficia unha poboación de preto de 10.000 veciños do concello coruñés***
- ***O Goberno galego leva investido na xestión da depuradora, dende o ano 2005, máis de 5,7 millóns de euros***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o acordo polo que a consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas investirá 1,8 millóns de euros na nova licitación do contrato de xestión da depuradora da Pobra do Caramiñal, situada na parroquia do Xobre. O orzamento será executado en tres anualidades, ata o 2013.

A Estación Depuradora de Augas Residuais (EDAR) da Pobra do Caramiñal, que ten unha capacidade para abastecer 30.000 habitantes, comezou a súa explotación no ano 2002. O sistema pode depurar un máximo de 600 metros cúbicos de auga por hora e funciona mediante un tratamento biolóxico, con aireación e nitrificación controlada. Durante o ano 2010, a EDAR chegou a depurar 2 millóns de m³ de auga e a tratar 3.500 toneladas de lodos, ademais de 150 toneladas de residuos graúdos e graxas.



O contrato de xestión da depuradora implicará o cumprimento dunha serie de obrigas por parte do adxudicatario: o mantemento das instalacións de forma ininterrompida para o seu correcto funcionamento, o tratamento dos lodos e graxas así como a supervisión

dos parámetros das liñas de auga e lodos. Para isto, será preciso aplicar a liña de actuacións estipulada no Plan de Mantemento e Conservación da EDAR.

Ademais, dentro do contrato, compréndese a obriga de comunicar á Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (EPOSH) a posible presenza de substancias ou materias perturbadoras nos procesos de tratamento.

O primeiro contrato de explotación asinouse no ano 2005 e tivo un período de duración de 1,5 anos, que foi prorrogado ata os 18 meses. O segundo contrato tivo unha vixencia de 12 meses e foi prorrogado por 27 meses, ata este ano. O novo contrato rematará o vindeiro 2013, coa posibilidade de incluír novas prórrogas. O Goberno galego leva investidos máis de 5,7 millóns de euros na xestión desta depuradora.

A infraestrutura hidráulica beneficia unha poboación actual de preto de 10.000 veciños do concello coruñés.

A XUNTA PROMOVE PROXECTOS DE MELLORA DA ZONA MINEIRA DO CONCELLO DE CERCEDA

- *Esta iniciativa recóllese dentro das accións da Xunta para favorecer o desenvolvemento social e lúdico das zonas mineiras*
- *A Xunta de Galicia investirá 1.099.000 euros nestes proxectos de recuperación e reactivación da zona mineira do concello de Cerceda*
- *Mediante o financiamento destes proxectos, potenciarase a competitividade industrial da zona mineira e a súa sustentabilidade económica, social e ambiental*
- *Os tres proxectos teñen como obxectivo principal o impulso dunha economía alternativa na zona –tradicionalmente dedicada á minaría do carbón- coa dotación de infraestrutura que favoreza as condicións de vida do municipio*
- *Tras a recuperación da estación de Meirama, esta constituirase como sede do Museo da Minaría*

O Consello da Xunta autorizou a Consellería de Economía e Industria para a sinatura dun convenio de colaboración co Concello de Cerceda para levar a cabo a execución do proxecto do paseo fluvial no Acevedo, o do Museo da Minaría e o de melloras na estación de tratamento de augas pluviais.

Estes proxectos enmárcanse dentro das iniciativas da Xunta de Galicia orientadas á mellora da competitividade industrial nas zonas mineiras, así como a potenciar a súa sustentabilidade económica, social e ambiental, acompañadas sempre dunha mellora da calidade de vida e dos servizos públicos nos municipios onde se integran.

Neste sentido, o Goberno galego favorece o desenvolvemento social e lúdico das zonas mineiras, considerando de especial interese implementar accións como estes proxectos. A dotación económica orzada pola Consellería de Economía e Industria para o desenvolvemento das actuacións previstas neste acordo achégase aos 1.099.999 euros, que serán investidos na súa execución.

O acordo, promovido pola Consellería de Economía e Industria cun convenio de colaboración específico co Instituto para a Reestruturación da Minaría do Carbón e Desenvolvemento Alternativo das Comarcas Mineiras, ten como finalidade impulsar o desenvolvemento económico alternativo desta zona -tradicionalmente dedicada á minaría do carbón- coa posta en marcha de infraestruturas que redunden nunha mellora obxectiva das condicións de vida destes municipios.

Museo da Minaría

As obras a realizar levaranse a cabo na estación de Meirama, xa que se constitúe como sede do museo. Estas afectarán tanto a estrutura interna como externa do edificio e buscarán a renovación e ambientación do espazo para a súa nova funcionalidade. Entre as accións previstas para a recuperación do edificio están a demolición en particións do edificio para a mellora da súa distribución, a instalación dun aseo adaptado no primeiro

andar e a modificación das escadas. No que se refire á estrutura exterior, colocaranse tornaventos de aluminio en todas as portas da planta baixa e novas fiestras interiores.

Paseo fluvial

Economía e Industria levará a cabo o proxecto de acondicionamento do río Acevedo ao seu paso polo parque acuático de Cerceda e o polígono industrial. Preténdese crear unha canle verde no medio do polígono industrial, creando un bosque de galería e unha zona peonil de tránsito en ambas as dúas marxes do río. Ademais, a través da bioenxeñaría, levarase a cabo o tratamento dos noiros.

Estación de tratamento de augas pluviais

No que respecta ao proxecto de melloras da estación de tratamento de augas pluviais (ETAP), traballarase no acondicionamento do depósito de Astande a través da demolición da cámara de chaves e do foxo de aloxamento do contador para a instalación dun novo, xunto coa instalación da caldeiraría necesaria para a conexión de depósitos e peche das instalacións. Tamén se traballará na construción dun novo almacén para o servizo municipal de augas que supón, entre outros aspectos, o terraplén dunha parte da ETAP e a construción dun muro de contención. Así mesmo, instalarase un equipamento de telecontrol e substituiranse a caldeiraría e as válvulas soprantes.

ECONOMÍA E INDUSTRIA APOIA A INTERNACIONALIZACIÓN DAS EMPRESAS GALEGAS FINANCIANDO O 57% DO FOEXGA 2011 CON MÁIS DE 2 MILLÓNS DE EUROS

- ***O departamento que dirixe Javier Guerra ampliará o convenio para a realización do Plan de Fomento das Exportacións Galegas-Foexga 2011 co obxectivo de conseguir un posicionamento máis sólido e competitivo da industria e as empresas galegas no mercado mundial***
- ***A Consellería aumenta a seu porcentaxe de participación no plan asumindo parte do financiamento correspondente ás Cámaras de Comercio***
- ***As iniciativas englobanse na estratexia marcada pola Consellería de Economía e Industria para impulsar a internacionalización das empresas e atraer á nosa comunidade un maior número de investimentos e, ao mesmo tempo, aumentar a carteira de clientes das empresas galegas no eido internacional***

A Consellería de Economía e Industria destinará máis de 2 millóns de euros a apoiar os procesos de internacionalización das empresas galegas financiando o 57% do Plan de Fomento das Exportacións Galegas-Foexga 2011. A actuación está entre os obxectivos prioritarios que ten marcados o departamento que dirixe Javier Guerra para atraer á nosa comunidade un maior número de investimentos e, ao mesmo tempo, aumentar a carteira de clientes das empresas galegas no exterior.

Neste eido, o Consello da Xunta vén de autorizar o convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e as cámaras de Comercio, Industria e Navegación galegas para a realización do Foexga 2011, cunha dotación total de 3,6 millóns de euros.

A principal novidade de este ano é que a Xunta de Galicia aumenta a súa porcentaxe de financiamento en seis puntos -do 49,33% do ano 2010, ao 57,19% no 2011- con fin de axudar as cámaras de Comercio galegas que se viron prexudicadas pola anulación por parte do Goberno central do recurso cameral permanente, unha das súas principais fontes de ingresos.

O obxectivo da Consellería de Economía e Industria é traballar, xunto ás nove cámaras de Comercio galegas, a prol da internacionalización das empresas da comunidade facilitando as súas misións comerciais naqueles países emerxentes considerados estratéxicos, como son os Bric -Brasil, Rusia, India e China-; Colombia, Argentina e México en América; Marrocos e Turquía no continente africano; e en Europa, Alemaña, Reino Unido e Francia.

As actuacións desenvoltas buscan acadar un posicionamento máis sólido e competitivo da industria e empresas galegas no mercado mundial, e manter o dinamismo do comercio exterior favorecendo o acceso aos novos mercados, a apertura de canles de comercialización e proxectos de cooperación, os investimentos no exterior e a formación

e información axeitada para acometer con eficacia estratexias de expansión de tal xeito que se incorporen máis empresas, mercados e produtos ao proceso de internacionalización da economía galega.

O departamento que dirixe Javier Guerra impulsa o deseño de actuacións que favorezan actitudes empresariais dinámicas e emprendedoras cara á internacionalización e, ao mesmo tempo, complementen o esforzo das firmas galegas para creceren no exterior.

A XUNTA IMPULSA A MELLORA DA CALIDADE DA SUBMINISTRACIÓN ELÉCTRICA COA APROBACIÓN DA LIÑA GONDOMAR-O ROSAL, QUE SUPORÁ A MOBILIZACIÓN DE INVESTIMENTOS POR 3 MILLÓNS

- ***O Consello da Xunta autoriza e aproba unha liña de alta tensión que mellorará significativamente a calidade da subministración nos concellos de Nigrán, Baiona, Gondomar, Tui, Tomiño, O Rosal, A Guarda e Oia***
- ***Máis de 47.000 usuarios beneficiaranse da posta en marcha deste proxecto***
- ***A Xunta promove as iniciativas das empresas distribuidoras para facer posible a mellora da calidade da subministración de enerxía eléctrica nos concellos galegos, a través da mellora da rede de distribución***

O Goberno galego impulsa a mellora da calidade da subministración eléctrica nos concellos de Nigrán, Baiona, Gondomar, Tui, Tomiño, O Rosal, A Guarda e Oia. O Consello da Xunta de Galicia vén de autorizar administrativamente e de aprobar o proxecto da liña de alta tensión Gondomar- O Rosal (LAT 132 kV), que suporá a mobilización de investimentos na zona de preto 3 millóns de euros.

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Economía e Industria, promove as iniciativas das empresas distribuidoras para facer posible a mellora da calidade da subministración de enerxía eléctrica nos concellos galegos a través da mellora da configuración da rede de distribución nas zonas que o precisan.

Até agora, no caso de avaría en calquera das liñas destes concellos non existía unha alimentación alternativa. No entanto, coa aprobación deste proxecto executarase o peche da LAT Gondomar- O Rosal en 132 kV, formándose un anel con todas as subestacións Balaídos – Gondomar – O Rosal – Tui – Atios.

Deste xeito, todas estas subestacións estarán dotadas de alimentación alternativa, co que se acada unha mellora significativa na calidade do servizo eléctrico para aproximadamente uns 47.000 usuarios dos concellos subministrados polas subestacións (Nigrán, Baiona, Gondomar, Tui, Tomiño, O Rosal, A Guarda e Oia).

O obxectivo das iniciativas fomentadas polo Goberno galego, neste eido, é potenciar as infraestruturas de subministración de enerxía eléctrica, especialmente en zonas onde cómpre mellorar a calidade do servizo, contribuíndo ao desenvolvemento económico destes territorios, así como á integración e equilibrio territorial e á mellora das condicións de vida dos galegos.

A FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA DESTINARÁ 300.000 EUROS PARA A REALIZACIÓN DO CICLO DE LÍRICA 2011 'LIX FESTIVAL DE ÓPERA DA CORUÑA'

- ***A Consellería de Cultura e Turismo, a través da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, impulsa o convenio de colaboración coa asociación de amigos da Ópera da Coruña, para a realización deste ciclo de lírica durante os meses de setembro e outubro de 2011***

O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Fundación Cidade da Cultura de Galicia e a Asociación de Amigos da Ópera da Coruña, para a realización do ciclo de lírica 2011 'LIX Festival de Ópera da Coruña'. A Fundación Cidade da Cultura apoia a realización de actividades musicais e culturais que acheguen á cidadanía programas de calidade, e por iso destinará 300.000 euros para o patrocinio deste evento.

A Fundación Cidade da Cultura de Galicia e a Asociación de Amigos da Ópera da Coruña están interesadas en proporcionar os medios necesarios para configurar un ciclo de lírica de gran categoría, con repercusión suficiente para atraer público de distintos lugares e que permita situar Galicia como referente musical nacional e internacional. A colaboración ente ambas as dúas organizacións inclúe os seguintes eventos:

- O días 2 e 5 de setembro interpretarase o Rigoletto de Giuseppe Verdi no Pazo da Ópera da Coruña. Baixo a dirección de Miguel A. Gómez Martínez actuarán Leo Nucci, M^a José Moreno, M^a José Trullu acompañados pola Orquestra Sinfónica de Galicia e a Coral El Eco.
- O 16 de setembro a Asociación de Amigos de la Ópera da Coruña organizará no Pazo da Ópera da Coruña e coa Orquestra Sinfónica de Galicia a Gala Lírica.
- A continuación, o 30 de setembro e o 2 de outubro, tamén no Pazo da Ópera da Coruña, interpretarase L'elisir d'amore, a cargo de Cristóbal Soler dirixindo a Celso Albelo, Irina Lungu, Bruno de Simone, Javier Franco coa Orquestra Sinfónica de Galicia e o Coro Gaos.
- O 1 de outubro organizarase o ciclo 'As novas voces galegas', no Conservatorio Superior da Coruña, coa soprano Alba López.

A XUNTA E A USC OFERTARÁN 75 PRAZAS PARA O XXII CURSO SUPERIOR DE RELACIÓNS LABORAIS QUE COMEZARÁ O PRÓXIMO MES DE NOVEMBRO

- ***A Consellería de Traballo e Benestar financiará esta iniciativa cunha achega de máis de 55.000 euros***
- ***A acción formativa inclúe un total de 220 horas lectivas ata o próximo 15 de xuño***
- ***Abordaranse, entre outras materias, a negociación colectiva, o contrato de traballo, a seguridade e saúde laboral no traballo e a incidencia do dereito social comunitario sobre as lexislacións dos estados da UE***
- ***Os interesados en participar poderán inscribirse ao longo do mes de setembro***
- ***O Consello da Xunta vén de aprobar hoxe o financiamento deste curso de posgrao de especialización en relacións laborais que está dirixido a licenciados en Ciencias Económicas, Empresarias e Dereito, diplomados en Relacións Laborais e membros de organizacións empresarias e sindicais, entre outros***

A Consellería de Traballo e Benestar, en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela (USC), organizará o XXII Curso Superior de Relacións Laborais que se celebrará entre o 11 de novembro de 2011 e o 15 de xuño de 2012 na Facultade de Dereito de Santiago.

En total ofertaranse 75 prazas a alumnos e alumnas licenciados en Ciencias Económicas, Empresariais e Dereito; diplomados en Relacións Laborais; membros de organizacións empresariais e sindicatos; e aquelas persoas que desempeñen tarefas de xestión de recursos humanos, se ben se poderá autorizar a asistencia doutras persoas tituladas nas cales concorra unha especial vinculación co ámbito obxecto do curso.

O Consello da Xunta vén de autorizar hoxe o investimento desta iniciativa que financiará integramente o departamento autonómico, a través do Consello Galego de Relacións Laborais, cun total de 55.058 euros que se achegarán entre este ano e o próximo. Para a organización desta actuación, a Consellería de Traballo e Benestar asinará un convenio de colaboración coa USC.

Os temas que se abordarán no curso de posgrao de especialización en relacións laborais serán a negociación colectiva, a representación das persoas traballadoras na empresa, o contrato de traballo, a seguridade e saúde laboral no traballo e a incidencia do dereito social comunitario sobre as lexislacións sociais dos distintos estados membros da UE, entre outras materias. En total impartiranse 220 horas lectivas en horario de tarde, de 16,30 a 20,30 horas.

Os módulos formativos que se impartirán divídense nun total de seis: o primeiro será sobre política e xestión integrada dos recursos humanos; o segundo sobre a relación individual do traballo; o terceiro sobre as relacións colectivas de traballo; o cuarto sobre o dereito administrativo do traballo, saúde laboral e dereito penal do traballo; o quinto sobre a seguridade social; e o sexto sobre dereito social da Unión Europea.

Esta acción formativa estará dirixida polo catedrático de Dereito do Traballo da USC, Javier Gárate Castro, e participarán nela como docentes 35 catedráticos e profesores de dez universidades españolas diferentes, ademais de profesores que exercen o seu labor no Tribunal Constitucional, o TSXG, a Inspección de Traballo, as organizacións sindicais e empresariais ou na dirección de relacións laborais de grandes empresas con presenza en Galicia, como son o grupo PSA Peugeot-Citröen ou Endesa.

O obxectivo principal da iniciativa é ofertar un ensino de alto nivel das relacións laborais e promover a adaptación da xestión das empresas ao novo estilo de dirección de persoal que marca na actualidade a política de recursos humanos nun mercado cada vez máis competitivo.

Outros fins que se perseguen co desenvolvemento deste curso son proporcionar unha formación e/ou actualización nas materias laborais en xeral; facilitar a capacitación do alumnado para resolver as cuestións asociadas ás relacións laborais e á xestión de recursos humanos; proporcionar ao alumnado un dominio interdisciplinar da materia a través da adaptación dos contidos didácticos ao novo marco legal e convencional polo que discorren as relacións laborais e de seguridade social; e, por último, afondar nas consecuencias prácticas dos procesos de reforma que afectan o mercado de traballo en xeral.

Os participantes no curso que demostren unha asistencia superior ao 80 por cento das unidades docentes impartidas recibirán un diploma acreditativo.

Inscripción e matriculación

Os interesados en participar no curso poderán inscribirse ao longo do mes de setembro. As solicitudes faranse por escrito, cubrindo o modelo oficial que se facilita co programa do curso, e deberanse remitir ao Consello Galego de Relacións Laborais.

Os alumnos e alumnas admitidos deberán formalizar a súa matrícula completando o formulario que se indicará no Consello Galego de Relacións Laborais e que deberá ser presentado na Sección de Posgrao, Terceiro Ciclo e Formación Continua da USC no prazo que se indique, en todo caso antes do 9 de novembro. A matrícula terá un custo de 1.292,18 euros por alumno, podéndose facer o pagamento en dúas veces.

Toda a información do curso, tanto o programa como os modelos oficiais, poderán atoparse na web <http://cgrl.xunta.es>.

A celebración deste curso é unha iniciativa que foi aprobada polo Consello Galego de Relacións Laborais, integrado pola Confederación de Empresarios de Galicia e polas organizacións sindicais de UGT-Galicia, CC.OO de Galicia e CIG.

MEDIO RURAL FINANCIADA CON 700.000 EUROS O PROGRAMA DE MELLORA XENÉTICA DA RAZA FRISOA EN GALICIA

- ***Mediante este convenio de colaboración, Xenética Fontao comprométese a adquirir no mercado internacional un volume anual mínimo de 100-150 embrións de alto valor xenético, e a súa implantación nas ganderías elite de Galicia.***

O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e *Xenética Fontao* S.A. para o desenvolvemento do Programa de mellora xenética da raza frisoa en Galicia 2011-2014, por un importe de 700.000 euros.

O sector lácteo galego representa o 30% da produción final agraria e a metade da produción final gandeira. En termos económicos e sociais, a produción láctea constitúe un elemento de valor estratéxico no desenvolvemento do rural galego. Neste senso, a selección xenética resulta un esteo imprescindible para o sector lácteo e con este convenio garántese o mantemento da xenética do frisón na elite europea, a través dun acordo que, coa participación de *Xenética Fontao*, permite colocar os gandeiros como principais protagonistas do proceso de mellora.

Dende a súa constitución, *Xenética Fontao* está a ser un actor fundamental na mellora gandeira de Galicia, a través da xestión do centro de sementais, do banco de xermoplasma e mediante a prestación de servizos de biotecnoloxía do ADN. Así, a partir de agora colaborará directamente no desenvolvemento do Programa de mellora xenética de frisón, por ser a única entidade de Galicia con capacidade para producir e fornecer doses seminais de alto mérito xenético a todas as ganderías galegas, implicándose particularmente nas actividades de transferencia embrionaria.

Mediante este convenio de colaboración, *Xenética Fontao* comprométese a ingresar cada ano no centro de selección e mellora xenética de Fontao o número mínimo de novos sementais para *testaxe*, establecendo un programa de estudo anual de aomenos 50 sementais que ingresen neste centro para a súa proba e adquirir no mercado internacional un volume anual mínimo de 100-150 embrións, seleccionados de entre os mellores cruzamentos.

Co fin de garantir a variabilidade xenética do gando galego, *Xenética Fontao* disporá dun equipo estable de transferencia embrionaria responsable da xestión coas ganderías colaboradoras, coas cales establecerá contratos para garantir a posesión dos dereitos sobre as mellores femias do programa. Precisamente, a estas ganderías colaboradoras forneceráselles gratuitamente un mínimo de 30.000 doses anuais.

O presente convenio terá como obxectivo primeiro desenvolver un programa de incorporación ao programa galego de xenética elite a nivel mundial, baseado na xestión dun programa de transferencia embrionaria. Para isto constituirase un comité de selección (composto por representantes das asociacións provinciais de control de

rendementos e da Asociación Xestora do Libro Xenealóxico da Raza Bovina Frisoa en Galicia) da gandaría leiteira galega, capaz de identificar as nais e pais de futuros sementais do programa.

Financiamento

O departamento que dirixe Samuel Juárez financiará as actividades deste programa con 700.000 euros, para o mantemento das actividades que vai desenvolver *Xenética Fontao*. A axuda máxima estará limitada sobre os gastos subvencionables ata o 70% dos custos derivados da realización de probas destinadas a determinar a calidade xenética.

Para o presente ano, a cantidade achegada será de 100.000 euros, sendo de 200.000 euros para as anualidades de 2012, 2013 e 2014. Estas cantidades poderanse incrementar con fondos autonómicos ou estatais destinados a este fin.

AS ORGANIZACIÓNS DE PRODUTORES PESQUEIROS SUBMINISTRARÁN MÁIS DE 67 TONELADAS DE PEIXE FRESCO PARA UNHA CAMPAÑA DE PROMOCIÓN DA XUNTA QUE BENEFICIARÁ OS ESCOLARES

Sete organizacións de produtores pesqueiros e acuícolas subministrarán máis de 67 toneladas de peixe fresco para a campaña de promoción da Xunta *O sabor da aventura está no mar* que beneficiará os escolares de entre 6 e 12 anos. Esta campaña, que xa se desenvolveu ao longo do curso 2010-2011, busca promocionar os produtos pesqueiros de Galicia e tamén impulsar o consumo de peixe galego fresco nos comedores escolares públicos. Durante este curso beneficiará preto de 19.000 nenos a través de 180.000 racións de peixe galego fresco.

Debido ás súas propiedades nutritivas, Mar considera que o peixe fresco desembarcado nos portos galegos constitúe a mellor proposta para este programa, de aí que para continuar desenvolvéndoo, o Consello da Xunta autorízase a sinatura deste convenio. As organizacións encargadas de fornecer as especies obxecto da campaña, é dicir, a xarda, o lirio, o xurelo, a pescada, a sardiña, o mexillón, o rodaballo e a troita, son a OPP 59 Asociación de Produtros de Rodaballo, a OPP-4 Organización de Produtros da Pesca Fresca do Porto de Vigo, a OPP-18 OPMEGA-Organización de Produtros do Mexillón de Galicia, a OPP7 Organización de Produtros da Provincia de Lugo, a OPP-8 OPROMAR-Organización de Produtros de Pesca Fresca del Puerto y Ría de Marín, a OPP-65 Produtros de Trucha ADSG ATRUGAL e a OPP-69 Organización de Produtros Artesanais de Galicia, OPAGA.

Ademais de subministraren aos comedores escolares dos centros públicos o peixe fresco para a realización das receitas e posterior degustación entre o alumnado dos centros docentes, as organizacións tamén se encargarán do almacenamento e refrixeración deses produtos pesqueiros e da súa preparación e envase, en condicións hixiénico-sanitarias axeitadas para o seu transporte.

O departamento que dirixe Rosa Quintana persegue con esta iniciativa un dobre obxectivo; por unha banda incidir e equilibrar as dietas alimenticias, fundamentalmente nas idades infantil e xuvenil e, pola outra, valorizar e fomentar os produtos da pesca de Galicia. O importe destinado a este convenio é de 126.900 euros e estará vixente ata xullo de 2012.

“O sabor da aventura está no mar”

A Consellería do Mar pretende con esta campaña educar e achegar o mundo do peixe aos nenos e transmitirilles a importancia da presenza do peixe e do marisco na dieta incidindo nos seus valores nutritivos. Tamén busca proporcionar aos estudantes coñecementos sobre as distintas especies de peixe e as súas características nutricionais, a través das actividades lúdico-formativas que contempla esta campaña.

Esta iniciativa, que xa se desenvolveu no curso anterior, está destinada ao público infantil, facendo especial fincapé nos centros públicos do interior, nos cales os alumnos xeralmente teñen menor coñecemento dos produtos do mar.

Para o desenvolvemento completo da campaña a Consellería do Mar conta coa colaboración das consellerías de Sanidade e Educación. A primeira encárgase de coordinar os servizos necesarios e subministra os materiais precisos para o desenvolvemento dos traballos e das actividades derivadas do acordo. A Consellería de Educación selecciona os centros públicos que participen no programa e Sanidade encárgase do asesoramento técnico na elaboración dos menús na procura dunha dieta saudable do alumnado.

A XUNTA PRESERVARÁ O GASTO SOCIAL NO AXUSTE ORZAMENTARIO OBRIGADO POLO INCUMPRIMENTO DO SISTEMA DE FINANCIAMENTO AUTONÓMICO POR PARTE DO GOBERNO CENTRAL

- *O Goberno galego esgotou todas as posibilidades para recibir o Fondo de Cooperación, a última no CPFF da pasada semana*
- *A Xunta foi responsable orzamentado este fondo, xa que se trata dun anticipo que tiña que transferir este ano o Goberno, tal e como fixo nos anos 2009 e 2010*
- *Compensará o resto do axuste cun crédito adicional autorizado polo CPFF por 114 millóns de euros, polo importe do primeiro prazo da liquidación negativa de 2008*
- *A Xunta preservará tamén os fondos finalistas, tanto da UE como do Estado, para non renunciar a nada do comprometido*
- *O Executivo autonómico senta as bases para cumprir por terceiro ano consecutivo o obxectivo de estabilidade orzamentaria e garante unhas contas solventes que permitan seguir pagando as súas facturas*

O Goberno galego preservará as prestacións sociais no axuste orzamentario obrigado polo incumprimento do Goberno central do sistema de financiamento autonómico ao negarse a transferir este ano o Fondo de Cooperación, por importe de 243 millóns de euros. Desta forma reafirma o seu compromiso coa estabilidade orzamentaria e senta as bases para cumprila por terceiro ano consecutivo, ademais de garantir unhas contas solventes que permitan seguir pagando as facturas.

Así se recolle nun informe presentado pola conselleira de Facenda, Marta Fernández Currás ao Consello da Xunta, no cal se explica que a Administración autonómica esgotou todas as posibilidades que tiña para reclamar a transferencia deste fondo -a última no Consello de Política Fiscal e Financeira (CPFF) do pasado 27 de xullo, onde de novo o Executivo central negou estes recursos a Galicia-, antes de ter que tomar esta decisión.

O informe do departamento de Facenda sinala que para este axuste orzamentario a primeira prioridade foi preservar as partidas destinadas ao gasto social e despois fíxose o propio coas actuacións financiadas con fondos finalistas, tanto do Estado como da Unión Europea (UE), para, desta maneira, blindar os compromisos adquiridos. En consecuencia, este axuste realízase sobre os fondos propios libres da comunidade autónoma.

Antecedentes

A Consellería de Facenda orzou o Fondo de Cooperación nas contas de 2011 porque o sistema de financiamento autonómico prevía que o Goberno central transferise este anticipo, tal e como fixo tanto en 2009 como en 2010. Cando o Executivo central dixo que non tiña intención de facelo efectivo este ano, o Goberno galego optou polo diálogo e instou a convocatoria da Comisión Bilateral Estado-Comunidade Autónoma para resolver este conflito.

Esta reunión celebrouse o 5 de xullo pasado e o Goberno central negouse a debater as posturas e limitouse a indicar que Galicia o volveuse reclamar no CPFF de finais de xullo ou acudise directamente ante o Tribunal Constitucional. A conselleira de Facenda solicitouno de novo no CPFF do 27 de xullo pero o Executivo central seguiu coa súa postura intransixente, o que obriga a Xunta a axustar o seu orzamento ao esgotar todas as vías. Igualmente o Executivo autonómico presentará en setembro un recurso ante o Tribunal Constitucional para pedir o cumprimento do sistema de financiamento autonómico, no cal reclamará 805 millóns de euros.

O EXPEDIENTE-E DO SERGAS REXISTROU MÁIS DE 100.000 ACCESOS NOS SEUS 10 PRIMEIROS DÍAS DE FUNCIONAMENTO

- ***Este sistema permite a todo o persoal dispoñer dun currículo profesional electrónico e centralizar e unificar os seus méritos***
- ***No que atinxe aos méritos xa rexistrados, houbo 60.515 altas de información no sistema, das cales a maioría se refiren á formación continuada, experiencia externa e títulos académicos***

O expediente-e único do profesional do Servizo Galego de Saúde recibiu nos seus dez primeiros de funcionamento 102.663 accesos, tanto a través da Internet como da propia Intranet do Sergas. A implantación deste sistema, que permite a todo o persoal dispoñer dun currículo profesional electrónico e centralizar e unificar os seus méritos, realizouse o pasado 20 de xullo.

O expediente-e é unha nova forma de xestionar o currículo de forma sinxela e intuitiva, acurtando prazos de xestión á hora de inscribirse en ofertas de emprego público, listaxes de contratación temporal, promoción laboral ou procesos de mobilidade. O expediente está visible no espazo da Oficina Virtual do Empregado (FIDES) na páxina web da Consellería de Sanidade (<http://www.sergas.es>).

Cada profesional ten a posibilidade de consultar os datos que constan no seu expediente electrónico, actualizalos e introducir novos méritos para a posterior entrega de documentación que os acredite, sempre que non consten xa como tal. Desta forma, os méritos debidamente acreditados quedan incorporados ao expediente electrónico do profesional para seren utilizados automaticamente nos procesos en que o profesional desexe participar.

Dos accesos recibidos nos dez primeiros días de funcionamento, 74.752 realizáronse a través da Intranet do Servizo Galego de Saúde e os 27.911 restantes fixéronse a través da Internet. Así mesmo, rexistráronse 3.283 solicitudes de creación de contas para acceder a el a través da Internet, das cales 1.019 corresponden a ex profesionais do Sergas e 2.264 a aspirantes que nunca tiveron relación contractual co Servizo.

No que atinxe aos méritos xa rexistrados no expediente-e, houbo 60.515 altas de información no sistema. A maioría refírense á formación continuada (41.132 altas de información), experiencia externa (9.588 altas) e títulos académicos (4.773).

Así mesmo, nestes primeiros días houbo 426 aspirantes que entregaron nos rexistros das unidades de validación o informe impreso dende FIDES xunto coa acreditación documental dos seus méritos rexistrados previamente no sistema.

Vantaxes deste sistema

O expediente-e permitirá reducir en máis dun 50% a carga administrativa que neste momento xeran todos os procesos de recursos humanos no Sergas. Neste senso, ata a súa implantación non existía unha plataforma que contivese o currículo dos profesionais, o que supoñía que este tiña que ser presentado en cada proceso, reactualizado e rebareado de xeito manual.

Por tanto, este sistema ten beneficios tanto para a Administración como para o persoal do sistema sanitario, xa que se consegue unha resolución máis áxil dos procesos que supoñen a baremación de méritos, así como a redución das reclamacións grazas á transparencia do sistema, e supón un importante aforro en papel e outros recursos materiais, sobre todo nos prazos de resolución.

Beneficiaránse del os máis de 38.000 traballadores que forman parte do sistema sanitario público na actualidade, pero tamén poden todos aqueles profesionais que desexen incorporarse á sanidade galega, facilitando a súa inclusión nos procesos de selección temporal existentes e demais que se convoquen no futuro da forma máis áxil e transparente.